

C

Compostela
Cultura
Música

Máis Música no Auditorio de Galicia



Albert Pla

'MIEDO'

25 de xaneiro, 20.30 h
Auditorio de Galicia

14 € (descontos habituais do 50%)

compostelacultura.gal e despachos de billetes do Teatro Principal e do Auditorio de Galicia

'Miedo' propón unha viaxe íntima por todas as etapas do home, desde a infancia até máis aló da vida terrea, cargado de sensacións, emocións e sentimentos nados da pantasma que habita na nosa mente. Alimentado polos nosos pensamentos: o medo. Nesta peza de teatro musical, concerto ou recital teatralizado, convidase a realizar un repaso cargado de ironía polos temores humanos cotiáns tales como o medo a un mesmo ou o temor á morte.

'Miedo' é un espectáculo de gran impacto visual dirixido por Pepe Miravete, con proxeccións de Nueveojos, deseño de arte de 'Mondongo' e música composta por Raúl Refree.



Michel Camilo

15 de febreiro, 21.00 h
Auditorio de Galicia

Desde 26 €
entradas.ataquilla.com



Chega a Compostela para ofrecer o único concerto en Galicia da súa actual xira. É un dos grandes pianistas do mundo. Un artista multidisciplinar, compositor, profesor, produtor e director de orquestra. Gañador de catro premios Grammy e un premio Emmy, entre outros moitos recoñecementos á súa carreira profesional, é destinatario das máis altas honras no seu país natal, a República Dominicana.

A súa arte e virtuosismo une os xéneros do jazz, a música clásica e as músicas populares e internacionais. Vela actuar en directo é presenciar a enerxía dunha tormenta tropical desatada en 88 teclas.



Pablo Milanés

'Esencia'

21 de marzo, 21.00 h

Auditorio de Galicia


Desde 24 €

entradas.ataquilla.com

artmusic
agency

Pablo Milanés é un dos principais expoñentes da canción de autor en español e está presentando a súa xira 'Esencia', un proxecto que tivo unha excelente acollida e lle dou grandes satisfaccións en escenarios de Europa e América nos últimos dous anos.

En palabras do propio músico: "Un resumo da esencia da miña obra nun recital", onde se poderán escoitar cancións emblemáticas como 'El breve espacio', 'Para vivir', 'Yolanda' ou 'Ya ves', xunto con outras non tan populares pero que son exemplos da singularidade deste trobador que se sube ao escenario coas mesmas emocións e enigmas que a música lle proporcionou en máis de seis décadas.



Lina_Raül Refree

27 de marzo, 20.30 h

Auditorio de Galicia

14 € (descontos habituais do 50%)

compostelacultura.gal e despachos de billetes do Teatro Principal e do Auditorio de Galicia

Nunha noite de fados as voces móstranse auténticas: sen amplificación, sen adornos e sen filtros, apenas nervio e talento, alma e paixón. Raül Refree entende ben todas estas cousas e como elas marcan as voces, tendo asinado, por exemplo, a produción de Los Ángeles de Rosalía, ou Granada de Silvia Pérez Cruz. Por iso mesmo, o músico e produtor non tivo dúbidas cando escoitou a Lina cantar no Clube de Fado de Lisboa.

E foi aí, a media luz, que Raül Refree namorou da voz desta nova fadista, estudante atenta da obra de Amália Rodrigues, á que homenaxea neste proxecto desde unha perspectiva tan respectuosa e auténtica como desafiante.



SÉS

'Liberar as arterias'

26 de abril, 20.30 h

Auditorio de Galicia

20 €

entradas.ataquilla.com



SÉS presenta un novo traballo discográfico 'Liberar as arterias' co que segue evolucionando o seu particular son que a consagrou no máis alto, e no que se inclúen unha escolma de cancións con letra e música composta pola propia cantora. Un sétimo disco que mantén e potencia a súa valente mensaxe, e no que percorre América de norte a sur, todo filtrado pola súa alma de cantareira. SÉS ven de converterse nunha das artistas de maior éxito en Galiza polo seu carisma e discurso así como pola forza e calidade das súas cancións, que sen dúbida levarana a conquistar outros territorios.

Máis información en:

compostelacultura.gal

CompostelaCultura

@CCultura